

## **Avaliación de remate**

Non toca entrar en avalia-las intervencións de cada quen, de cada un dos profesionais que participaron neste Foro celebrado en Vigo o pasado mes de Xaneiro do 2004, para debater se é ou non necesaria unha segunda canle de Televisión de Galicia no noso país. Sobre a mesa quedaron as opinións, os argumentos, as razóns que a cada quen lle sosteñen coma un piar irrenunciábel a súa posición.

Comprobamos, iso si, que hai opinións para tódolos gustos, pero coincidiremos todos en que, salvo dúas contadas posicións persoalizadas en dous cargos que converxen –quizais por razóns coxunturais, quizais por outras que non nos corresponde a ninguén xulgar-, os posicionamentos derivan nunha soa vertente: é necesaria unha segunda canle de televisión galega, aquí e agora.

Razóns de carácter técnico que xustificaron a non oportunidade de crear esa 2ª canle espuxéronse, e rebatéronse. Razóns de carácter cultural, social, económico, espuxéronse, pero non foron rebatidas, quizais porque non hai argumentos que sosteñan tal rebatemento.

Pero para a *Academia Galega do Audiovisual*, todo foi importante: o que se dixo, e posiblemente o que non se dixo e quedou na mente dos que calaron; o que se debatíu, e o que quedou pendente de debater; o que se afirmou, e o que se negou. Todo foi importante, porque supuxo a primeira pedra da construción, da longa construción, dun proxecto que algún día, estamos seguros, verá a luz e será unha realidade. Compría reflexión no sector audiovisual, e iso, precisamente iso, foi o que dende a *Academia* aportamos a este sector que cada día que pasa, deixa de ser máis emerxente para se converter nunca realidade de feito. Pero unha realidade que quere coloca-lo seu teito máis alto do que está. Deixarse de declaracións de principios, de tertulias vagas, deixarse de divagacións no ar que só conducen ó inmovilismo. Queremos que o sector audiovisual sexa un feito e un dereito: un feito como industria, como industria dos creativos e creadores; e que sexa a expresión do dereito a decidir, quen integramos e damos vida ó sector, o sendeiro polo que queremos que camiñen os nosos pes, o sendeiro polo que camiñar cara ó futuro. Un futuro no que non pintan precisamente ‘ouros’, salvo que co noso tesón e esforzo, co noso empeño, co noso compromiso coa nosa propia profesión e vocación, troquemos o imposible en posible, o irreal en real.

Porque non estamos no sector por casualidade, nin eliximos estas profesións das que se alimenta o audiovisual galego por casualidade, senón por limpa vocación. Uns coma empresarios; outros, como creadores; outros como técnicos... Todos somos o sector audiovisual, un piar fundamental tanto no eido económico, como no social e no cultural do noso país, e deste mundo no que estamos integrados.

Defendémo-la nosa identidade a tódolos niveis. Queremos e defendémo-la diversidade cultural. Por iso, temos moito que dicir no sector, e este debate

sobre a 2ª canle de televisión en Galicia, é un dos pasos que a *Academia Galega do Audiovisual* deu en aras de consolidarnos como sector. Máis aínda, a sabendas de que, dende a nosa defensa da diversidade, somos un sector integrado por moi distintos intereses e obxectivos. Pero seguro que todos confluímos en algo: queremos que o audiovisual galego, entre dentro desa definición de “economía sostible” que queremos para tódolos sectores productivos e de servizos do tecido económico e cultural de Galicia. Por iso, a importancia deste primeiro debate que non é máis ca un primeiro paso dun máis amplo debate insertado na sociedade, e no que é fundamental que tódalas capas sociais entren. Porque todos somos consumidores deste produto que contribúe a impulsa-la nosa cultura: o produto audiovisual.

Así pois, serva esta publicación para incrementa-los argumentos, enriquecernos e alimentarnos de opinións e posicións que nos axuden a definirmos un pouco todos, e pular polo desenvolvemento do sector. A segunda canle de Televisión de Galicia, está inequivocamente vencellada a ese obxectivo. Que opine, que se pronuncie o resto da sociedade tamén.